

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE OURENSE

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Aprobación definitiva da modificación da Relación de postos de traballo (RPT) do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

O Pleno do Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento en sesión do 27/05/2025, acordou:

Primeiro. Rexeitar as alegacións realizadas por Ángel Barrio Alonso, por Francisco Ramón Sieiro Álvarez, por José Carlos Martínez González, por Daniel Caíña Gallardo, por Santiago Álvarez Vázquez, e por Daniel Pardo Dacosta, polas razóns e motivos expostos no informe da Secretaría (Expediente 2025/185N- CSV: 15704451322507647643).

Segundo. Suprimir nas fichas da RPT dos postos de sarxento/a, xefe de quenda/supervisor, cabo condutor/a-xefe de quenda e bombeiro/a condutor/a, o carné de conducir clase E.

Terceiro. Incluír entre as funcións do posto de xefe de quenda/supervisor una función xenérica que especifique que cando o xefe de quenda/supervisor realice as funcións de cabo condutor/xefe de quenda, asumirá todas as funcións propias de estes.

Cuarto. Aprobar con carácter definitivo a modificación da Relación de postos de traballo (RPT) do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, elaborada pola empresa adjudicataria do contrato “Estrategia y Organización SA,” que consta no expediente (CSV: 15704451665171537612), tras a negociación realizada na Mesa Xeral de Negociación do Consorcio Provincial de Ourense, coas modificacións sinaladas neste acordo.

Quinto. Publicar a modificación da Relación de postos de traballo no BOP de Ourense, en cumprimento do disposto no artigo 202.3 da Lei 2/2015, para a súa entrada en vigor .

Contra o acto de aprobación definitiva da modificación da RPT, os/as interesados/as poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, no prazo dun mes ou, alternativamente de forma directa, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense (ou outro que resultase territorialmente competente en aplicación das regras establecidas no artigo 14 de la Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa), no prazo de dous meses, contados ambos os prazos desde o día seguinte ao da última publicación. En ningún caso poderán simultanearse ambos os recursos. Todo isto segundo o que determinan os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.



Os prazos computaranse a partir do día seguinte ao de notificación ou publicación do acto, e concluirán o mesmo día no que se produciu a notificación ou publicación. Se no mes de vencemento non houbera día equivalente a aquel no que comeza o cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Non obstante o anterior, contra todos os actos, poderá interpoñer calquera outro recurso ou acción administrativa ou xudicial que considere procedente.

Relación de postos de traballo (RPT):

Código	Denominación do posto	Grupo	Vinculo	Dotación	CD	CE	Titulación	Observacións
Área de Administración e Xestión								
01.01.01	Xerente	II	Laboral	1	26	280	Título universitario de grao ou equivalente	
01.01.02	Administrativo/a de informática	III	Laboral	1	21	105	Bacharelato, técnico ou equivalente	
Área de Intervención Técnico Operativo								
02.01.02	Sarxento/a	III	Laboral	5	21	225	Bacharelato, técnico ou equivalente	
02.01.03	Xefe/a de quenda supervisor/a	III/IV	Laboral	1	18	260	Bacharelato, técnico ou equivalente. Graduado de ESO ou equivalente	A extinguir
02.01.04	Cabo condutor/a-xefe de quenda	III/IV	Laboral	25	18	255	Bacharelato, técnico ou equivalente. Graduado de ESO ou equivalente	
02.01.05	Bombeiro/a condutor/a	III/IV	Laboral	41	17	221	Bacharelato, técnico ou equivalente. Graduado de ESO ou equivalente	
02.01.05	Bombeiro/a condutor/a	III/IV	Laboral	17	17	221	Bacharelato, técnico ou equivalente. Graduado de ESO ou equivalente	Nova creación



Anexo táboa salarial Área de Intervención:

Posto	Dificultade técnica	Dedicac.	Responsab.	Penosid.	Perigosid.	Toxicidade	Incompa tibilidad	Puntos	Valor pto.	Especif.	salario	destino	total salario
Xerente	85	85	85	10	10	0	5	280	67,75 €	18.970,00 €	15.441,76 €	11.695,32 €	46.107,08 €
Sarxento/a	60	60	60	15	10	15	5	225	67,75 €	15.243,75 €	11.826,64 €	7.929,04 €	34.999,43 €
Xefe/a de quen- da supervisor	60	60	60	25	25	25	5	260	67,75 €	17.615,00 €	10.024,64 €	6.613,18 €	34.252,82 €
Cabo condutor/a xefe de quenda	60	60	55	25	25	25	5	255	67,75 €	17.276,25 €	10.024,64 €	6.613,18 €	33.914,07 €
Bombeiro/a condutor/a	40	40	40	32	32	32	5	221	67,75€	14.972,75 €	10.024,64 €	6.237,00 €	31.234,39 €
Administrativo/a de informática	30	30	30	5	5	0	5	105	67,75€	7.113,75 €	10.024,64 €	7.929,04€	26.869,43 €

Ourense, 28 de maio de 2025. O presidente.

Asdo.: Luis Menor Pérez.

R. 1.291

